

O PRÓFUGO DA MORTE

Manuel Rivas Barrós

Dicía León Tolstoi que un escritor tiña que saber facer os seus zapatos. El sabía facelos. Este era o seu consello: “Para ser escritor cómpre facer primeiro moitos zapatos. Debemos aprender dos artesáns e os campesiños. Eles teñen o segredo da paciencia, da humildade e da iniciación”.

Valentín Paz-Andrade sabía facer os seus zapatos. E dende logo cultivou o segredo da paciencia, a humildade e a iniciación.

Sabía, si, valerse por si mesmo, dende moi novo.

Mais o que converte unha experiencia persoal nunha lembranza popular fértil é o acto de saber dar. De compartir. De agasallar.

Hai poetas que se remiten á idea dun “agasallo” para definir o poema. Mesmo o poema tería a mesma natureza que o dar a man.

O xornalismo, a xénese da noticia, da crónica, da reportaxe, é compartir algo que antes se descoñecía e cómpre saber. Ás veces, moitas, supón dicir o que non se pode dicir. Contar o que non interesa que se saiba.

O xornalista, cando cumpre ese cometido, actúa como un poeta. E viceversa. O xornalismo semella efémero, aquilo que morre co día, e a poesía, intemporal, aquilo, por dicilo ao xeito de Novalis, aquilo que ten os ollos infindos da noite. O xornalismo sería a linguaxe central, a linguaxe que busca a máxima relevancia, mentres, e pola contra, a verdadeira poesía sería máis semellante ao murmuro, moveríase como unha linguaxe á marxe.

Mais o bo xornalismo e a boa poesía teñen en común ese hábitat da cámara escura, de moverse no oculto, no descoñecido, e de avanzar contra a estupidez. Hai quen os ten presentado como antónimos, como inimigos, como os contrarios perfectos. Pero a poesía e o xornalismo poden ter en común esa coraxe de atravesar o prohibido ou o inaccesíbel

Valentín agasallou a Galicia, e é un ben para compartir, comunal, con froitos do mellor xornalismo e da mellor poesía.

Por cronoloxía, falaríamos primeiro do periodista. Ese mozo que envía crónicas dende a guerra de Marrocos. Ese mozo, ten 24 anos, que dirixe o *Galicia*, esa experiencia extraordinaria do xornalismo galego, que tiña por matriz Vigo, e que se mantivo durante catro anos, de 1922 a 1926. En setembro dese ano sae á rua o derradeiro número do *Galicia*.

Como se sentiría Valentín Paz-Andrade ese día de setembro, cando o *Galicia* morre nos seus brazos? Era unha criatura singular, talvez un dos mellores logros da historia do xornalismo galego, e non só galego. O *Galicia* incorpora achados e innovacións revolucionarias, entre a que debemos subliñar o situar en primeira plana a viñeta ou caricatura. Xunto co destaque do editorial sobre asuntos polémicos e de máxima actualidade, iso transformou a paisaxe da primeira páxina. Fixo que verdeara de xeito distinto. Aínda hoxe hai xornais, grandes xornais, como *Le Monde*, que teñen a viñeta en primeira (neste caso, Plantu). El foi quen de convocar en Vigo un dos mellores obradoiros da prensa europea e transatlántica. E non o digo por unha esaxeración da autoestima. Xa en demasiadas ocasións nos subestimamos. Se en Galicia están os mellores construtores de barcos e os mellores canteiros, por que non pensar que nalgún intre se fixo e somos quen de facer a mellor prensa. (Un pequeno paréntese sobre este asunto da estima. Con ocasión do plebiscito do Estatuto de 1936, Valentín escribe unha peza maxistral que mantén toda a súa vixencia: *Autonomía e fe civil*. Nun dos anacos di: “Crer na Galicia, galegos! Primeira afirmación da nova fe. Na Galicia, no seu volume vital, na súa capacidade criadora, na fecundidade do seu xenio, no servizo dos seus homes. Que si Castela “face los homes et los desface”, Galicia antes de os facer xa os rilla; pra fabricar cos seus nomes, despois de mortos, fogos fatuos da gloria”).

Volvemos a setembro de 1926. É posíbel imaxinar o home derrotado ante o naufraxio. Que se afunda un xornal semella a extinción dunha especie, e se o xornal é bo como o *Galicia* equivale á desaparición dun gran lugar de encontro. El deuno todo para crear ese lugar modélico. E iso que o medio ambiente político era moi adverso, pois grande parte da vida do *Galicia* transcorreu na ditadura de Primo de Rivera. En todo momento, o *Galicia* defendeu a liberdade, malia estar sometido á permanente vixia e ameaza. Mesmo estivo no cárcere en 1924 por mor de dous traballos sobre infraestruturas, sobre camiños de ferro, que contrariaron ao gobernador militar. (O asunto do tren en Galicia é como nas películas do far-west: ponse todo o mundo moi susceptible). A ironía non só está presente nas viñetas de Castelao. Tamén de xeito moi sutil atopámola como ferramenta informativa. Así, cando o ditador Primo visita Santiago, o principal titular di: “Compostela recibiu respectuosamente al distinguido forastero”. E xusto a carón, a viñeta de Castelao. Un paisano que lle di a outro: “Hai doenzas que non as cura o médico”.

O certo é que existe esa fotografía Valentín Paz-Andrade mozo, entre reixas, prisioneiro no cárcere de Vigo, en 1924. É a mellor iconografía do que a liberdade nunha ditadura. Valentín é o corpo da liberdade. Un documento histórico que debería figurar nun lugar de destaque nas facultades de xornalismo de Galicia. Esa detención provocou no seu intre un grande movemento de solidariedade,

non só nas artes gráficas, senón en toda a sociedade. (Mesmo houbo unha colecta a iniciativa dos traballadores de tranvías.)

Pero hai unha segunda fotografía de Valentín Paz-Andrade no cárcere de Vigo, prisioneiro, entre reixas, tamén por exercer a liberdade de expresión, que é o mellor xeito de defendela. É incríbel. Poden ser as mesmas reixas, teríamos de facer unha investigación cerralleira, pero esta segunda foto é no ano 1957, por mor dunhas notas publicadas en *Industrias Pesqueiras*. E tamén houbo un grande movemento de solidariedade para ser os tempos que eran.

Entre 1924 e 1957 aló ían 33 anos. Trinta e tres anos son moitos anos. E aí temos ao mesmo home tralas mesmas ou semellantes reixas. Polo mesmo motivo. Outra vez a encarnar a liberdade.

Que é o que nos din estas fotos?

Dende logo que o lugar da liberdade en España durante grande parte do século XX foi a prisión. Estar encadeada.

Mais fálanos tamén da odisea daquel mozo que en 1926, cando morre nos seus brazos o *Galicia*, debería estar derrotado e afundido. Naquel panorama, Valentín tería todas as razóns para dicir o que o pacifista vienés Karl Krauss: “Cómpre dar un paso adiante e calar para sempre”.

Mais nunca calou Paz-Andrade. Nin nos intres de silencio, de silencio mudo, de silencio de terror. Porque aí, nese intre, como nunha segunda existencia das palabras, abrolla o poeta. E alí, no desterro, na serra de Queixa, nun tempo onde até as carqueixas e uces tremen de friaxe, o Valentín supervivente, outravolta salvado in extremis da morte (pois sobrevivira a un atentado con armas de fogo en 1932), encontra un guizo para escribir na escuridade. Non semella o mellor sitio, todo é precario. Mais é o mellor sitio para unha resurrección da palabra. Para facer xornalismo da alma. A poesía ten sempre algo de voz do desterro. Son as palabras fóra do centro. O que di Juan Rulfo: “donde se ventila vida como si fuese un murmullo”.

O Día das Letras Galegas é moi útil. Por exemplo, este ano serviu para que se publicasen importantes traballos, todos, sobre a obra de Valentín, pero unha das máis gratas sorpresas é a publicación estes días da súa *Poesía completa*. Coñeciamos unha parte, en especial o *Pranto matricial*, ese extraordinario lamento fúnebre por Castelao. Mais agora podemos gozar dunha xeografía poética polimorfa, unha descuberta do enigma. criador que era tamén Paz-Andrade.

Falei das fotos do cárcere. Hai outras del moi significativas. Esa do aceno liberador que ten cando fala nun mitin. E logo as do home que anda polos aeroportos. Cando vexo o filme *Casablanca*, paréceme que o terceiro home, o que non se ve dentro da avioneta, ten de ser Paz-Andrade. Ese andar mundo adiante foi un xeito de exilio, de non deixarse capturar. O que nunca lle pesou foi o diario e

mais os poemas. Todo era información. Hai un gran poema, “As úberes do medo”, escrito en 1966, en que se define como “un prófugo da morte”.

Penso que a morte non o dou capturado. Non o puido meter entre reixas. Andará por aí, polo Alén, de aeroporto en aeroporto.

Saúde e Terra, irmáns! Viva e floreza a nación galega!